



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2023-2024

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

NOTA INFORMATIVA:

1. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.
2. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
3. A solicitude de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renuncias expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.
4. Autobaremación: Na solicitude de admisión, na columna de “puntuación”, os solicitantes deberán cubrir os datos numéricos realizando unha autobaremación. Esta será posteriormente ratificada ou rectificada á vista da documentación complementaria achegada.
5. A documentación esixida para acreditar os criterios é voluntaria. A non presentación dalgún xustificante suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.
6. A concesión de praza e a posterior matriculación no centro, implica por parte dos pais ou titores legais, a aceptación do carácter propio do centro.
7. Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 e 460 da declaración da renda do ano 2021, divida entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2023. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2021 que está fixado en 6.778,80€



8. As familias poderán consultar na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

- O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula
- A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
- O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante
- A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A Coruña, a 27 de febreiro de 2023

Asdo. Alberte Velo Miranda
Director

